

DE VIAXE POLO TEMPO ENTREN

3. CINE E FERROCARRIL



A vila do Porriño nas primeiras décadas do século XX. Fonte do Cristo e praza.

3.1. Introducción.

Debido aos grandes atrasos cos que o ferrocarril chega a Galicia a súa presenza na bisbarra do Porriño é un fenómeno que case coincide coa chegada do cine. A liña Ourense-Vigo, inaugúrase en 1881, enlazando en 1885 coa rede nacional española a través de Monforte. Unha década despois, os irmáns Lumière presentan en 1895 en Francia o gran invento do cinematógrafo.

No ano 1896 dáse a coñecer en Madrid e noutras localidades españolas, realizándose no ano 1897 as primeiras proxeccións cinematográficas na cidade de Vigo. Nos seus primeiros pasos a produción consistiu na rodaxe de curtametraxes de escenas da vida cotiá, temas paisaxísticos, festas, costumes, etc. O ferrocarril está presente na primeira proxección que Louis e Auguste Lumière efectúan o 28 de decembro de 1895 en París. Xunto as imaxes duns obreiros saíndo da fábrica Lumière de Lyon, a dun bote movéndose nun porto, amósase a imponente estampa dun tren de vapor entrando na estación da cidade.

Preténdese coa incorporación do tema do ferrocarril e do cine en conxunto, ampliar a visión e coñecemento dunha época, xa que estas dúas novidades da segunda metade do XIX son expresións que tamén no ámbito local e da bisbarra nos aportan explicacións das características da sociedade deste período. Sociedade que, marcada na nosa terra polo predomínio absoluto dunha economía rural e agraria, sentiu fascinación por estes dous grandes inventos, símbolos dunha anhelada e afastada modernidade. Nun primeiro apartado analízase a chegada do cinematógrafo á bisbarra viguesa ata a instalación das primeiras salas estables na vila do Porriño ao final da década de 1910. O ferrocarril probablemente facilitaría o primeiro contacto co cinematógrafo dos habitantes do Porriño na veciñas localidades de Vigo ou Tui.

Nunha segunda parte, máis ampla e xenérica, abórdase a presenza do ferrocarril en diversas producións cinematográficas, tanto como tema central do argumento, como espacio prioritario no que se desenvolve o asunto ou tema da película. Neste aspecto, aínda que a un nivel máis amplo, o ferrocarril no cine non deixa de amosar didacticamente aspectos relacionados coas sociedades nas que se desenvolve os diversos argumentos.

3.2. Os primeiros pasos do cine na bisbarra do Porriño.



O Porriño nas primeiras décadas do século XX. Praza da Constitución.

3.2.1. A chegada do cinematógrafo á cidade de Vigo.

O cinematógrafo preséntase na cidade de Vigo en 1897, dous anos despois de que os irmáns Lumière o amosaran en París e un ano máis tarde das primeiras proxeccións en Madrid e noutras grandes cidades españolas. Sen embargo, segundo se desprende da reseñas da prensa da época, o cinematógrafo chega a Vigo a través de Portugal, anunciando o *Faro de Vigo* que o primeiro exhibidor, César Marqués, procede de Lisboa e O Porto. Ante a falta de local na cidade de Vigo ten que desprazarse a Pontevedra, adiantándose a capital da provincia na contemplación do singular invento.¹ A primeira proxección na cidade de Vigo efectúase o día 29 de abril de 1897 no Tamberlick, teatro proxectado por Domingo Rodríguez Sesmero en 1882, que se situaba nas proximidades da céntrica rúa do Príncipe, na actual rúa Eduardo Iglesias.²

Non existe constancia hemerográfica da posible estancia deste primeiro exhibidor na vila do Porriño, aínda que sabemos que tralas proxeccións das cintas Lumière en Vigo César Marqués desprázase á veciña Tui, para presentar o invento no teatro desta localidade. De seguro que neste momento ou en anos posteriores algúns privilexiados porriñeses coñecerían o cinematógrafo nalgunha destas dúas localidades con cómoda comunicación ferroviaria coa vila do Louro. As referencias hemerográficas sobre o cinematógrafo no Porriño serán abundantes poucos anos despois cando se constrúan na vila as primeiras salas estables de proxección.



Teatro Tamberlick onde o 29 de abril de 1897 se proxectaron as primeiras películas na cidade de Vigo (Foto de Pacheco).

¹ “El cinematógrafo” en *Faro de Vigo*, 11 e 13-IV-1897, páx. 1.

² “El cinematógrafo” en *Faro de Vigo*, 27, 29-IV-1897, páx. 2: “El teatro Tamberlick. El cinematógrafo” (Vid. Tamén: 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 11-IV-1897)

3.2. 2. Os cinematógrafos de barracón na cidade de Vigo.

O cinematógrafo chega a Vigo nun momento de máxima expansión da cidade. Entre 1880 e 1925 o antigo núcleo urbano transfórmase de vila mariñeira en cidade aberta e cosmopolita, gracias ao impulso dunha nova burguesía nacida das actividades relacionadas co mar, producíndose nesa etapa unha primeira industrialización do sector conserveiro. Como sucede noutros lugares da xeografía española a implantación do novo espectáculo foi contemplado con curiosidade e expectación polos vigueses. Nos seus pasos iniciais o cinematógrafo pasa a ser unha atracción temporal, que non está presente de forma continuada, tendo menos presenza que outros espectáculos máis arraigados na sociedade finisecular como o teatro ou as “variedades”. Como foi norma xeral, o cine estivo tamén na cidade de Vigo nos seus comezos en mans de exhibidores ambulantes, posto que a escaseza de películas producidas non facía rendible a permanencia dun exhibidor nunha soa localidade. Cada exhibidor repetía en cada vila ou cidade pola que pasaba as películas que fora capaz de mercar. Estas eran de curta duración, mudas e tiñan nos seus primeiros anos un carácter documental. No reclamo de espectadores acúdesse con prontitude ao interese que despertaba o local, desempeñando o fotógrafo coruñés José Sellier o papel de pioneiro do cine galego, ao rodar paisaxes e escenas³ da vida da cidade herculina.⁴



Antigo teatro Rosalía de Castro. Proxectado por Alejandro Rodríguez-Sesmero González.

³ Fábrica de Gas; Orzán, oleaje; Plaza de Mina, etc.

⁴ Sobre o contexto xeral da presenza do cine en Galicia, véxase: GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos, *Historia del cine en Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985; FOLGAR DE LA CALLE, José

Para efectuar as proxeccións os exhibidores ambulantes aproveitaban a presenza de teatros nas poboacións que visitaban ou ben instalaban pavillóns cinematográficos de madeira ou barracóns parecidos aos das atraccións das festas. Pavillóns que se desmontaban e instalaban de novo noutras localidades cando se acababa a tempada ou se esgotaba o repertorio. Na cidade de Vigo, ademais do citado teatro Tamberlick, proxéctanse en 1903 películas no novo teatro Rosalía de Castro. Este teatro ten una vida efémera. Proxectado por Alejandro Rodríguez-Sesmero González en 1881, non se inaugura ata o ano 1900, producíndose o 8 de febreiro de 1910 un incendio que o destrúe totalmente. Para o seu solar traza Antonio Palacios Ramilo o teatro García Barbón (hoxe Centro Cultural Caixanova) que albergará na súa planta baixa un elegante local para a proxección de películas, o cinematógrafo "Rosalía de Castro" (hoxe Auditorio do citado centro cultural).⁵



Teatro Rosalía de Castro tralo incendio de febreiro de 1910. O seu solar foi ocupado polo teatro García Barbón. (Vida Gallega).

Foron numerosos os exhibidores ambulantes que se instalaron provisionalmente na cidade de Vigo ata a presenza dos primeiros cines estables cara ao ano 1916. Un dos primeiros é o citado José Sellier, que no ano 1898 desprázase a Vigo para realizar a proxección das súas cintas no teatro Tamberlick.⁶ Entre elas estarían as que roda na Coruña con temática local. Na cidade de Vigo os lugares preferidos para a instalación de

M^a, *Aproximación a la historia del cine en Galicia (1896-1920)*, Santiago, Universidade, 1985.

⁵ Vid. SÁNCHEZ GARCÍA, J. A., *La arquitectura teatral en Galicia*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1997, páxs. 329-357; IGLESIAS VEIGA, X. M^a R., *Antonio Palacios. Arquitecto. De O Porriño a Galicia*, Pontevedra, Deputación Provincial, 1993, páxs. 123-133.

⁶ "El cinematógrafo" en *Faro de Vigo*, 12-XI-1898, pág. 3.

barracóns e pavillóns cinematográficos foron as zonas próximas á Alameda e á rúa Policarpo Sanz. A zona inmediata á Alameda era un lugar ideal pola gran cantidade de público que acudía a conversar e pasear neste parque, acollendo tamén no verán diversos eventos festivos. Contaba ademais coa vantaxe de que no veciño ensanche de García Olloqui, entre a Alameda e o mar, existían solares baleiros, posto que a dinámica da expansión urbana da cidade orientábase neses anos noutra dirección. As referencias da prensa e da documentación municipal sinalan a presenza de numerosos barracóns nos primeiros anos de vida do cinematógrafo, polo que ao éxito do novo espectáculo foi alto, a pesar da dificultade de ofrecer unha grande variedade de películas.

Alameda de Vigo. Nos solares do recheo, situados á esquerda da imaxe, situáronse pavillóns cinematográficos. (Foto Pacheco).



No ano 1900 Antonio Sanchís constrúe un pavillón nos terreos do recheo (ensanche de García Olloqui), cubrindo a tempada de verán con grande éxito:

“A las exhibiciones del cinematógrafo Lumière que se hacen en el pabellón levantado en el relleno, acudió numeroso público. Los cuadros presentados gustan mucho, llamando la atención algunos de ellos por la animación de las escenas que reproducen. Las transformaciones de Miss Gatee son de un efecto sorprendente. El espectáculo es digno del favor del público. Puede verse de siete a nueve de la noche. Los jueves y domingos hay secciones por la tarde dedicadas a los niños.”⁷

A prensa da época vai detallando a secuencia de instalación provisional destes primeiros pavillóns cinematográficos. En 1901 Antonio Sanchís, despois de aproveitar parte do verán en Vigo, levanta no mes de agosto o seu barracón cinematográfico do recheo

⁷ *Faro de Vigo*, 17, 25, 27, VIII-1900, páx. 2.

para instalalo na cidade de Pontevedra⁸ A finais dese mesmo ano a prensa local anuncia que este exhibidor instala un novo pavillón na Porta do Sol, no solar do Sr. Pardo.⁹ Antonio Sanchís debeu permanecer na súa profesión ligado ao sur de Galicia, posto que o *Faro de Vigo* anuncia en 1905 a presenza dun novo pavillón da súa propiedade na rúa Policarpo Sanz.¹⁰ Nese ano de 1905 atopamos referencias¹¹ de pases de películas no “Salón Variedades”, combinando a proxección cinematográfica co fonógrafo, con fin de, en aparencia, amañar o problema do cine mudo, cuestión importante na evolución do cine que aínda tarda anos en concretarse.¹² Este cinematógrafo estaba situado na praza de Compostela esquina á actual rúa Pablo Morillo.



Incendio do Teatro Rosalía de Castro o 8 de febreiro de 1910. Xunto o teatro Tamberlick acollera esporadicamente ao cinematógrafo. (Foto Pacheco).

O carácter ambulante do cine nos seus primeiros anos de existencia ponse de

⁸ *Faro de Vigo*, 3-VI-1901; 9-VIII-1901, páx. 3.

⁹ *Faro de Vigo*, 21-XII-1901, páx. 2.

¹⁰ *Faro de Vigo*, 26, 29-II-1905, páx. 2.

¹¹ *Faro de Vigo*, 24-6-1905.

¹² O fonógrafo, aparato que reproducía sons, fora inventado por Edinson. Na cidade de Vigo presentárase no ano 1895. Agora móstrase combinado co cinematógrafo, aínda que non ten ningunha relación con futuro cine sonoro.

manifesto con outros exhibidores que visitan a cidade de Vigo. En marzo de 1906 a prensa local anuncia que, tralo remate da temporada de seis meses na cidade da Coruña, o “Cinematógrafo Pradera” trasládase a Vigo¹³, onde inicia o seu espectáculo o 15 de abril de 1906. Julio Pradera, que segundo a documentación municipal era natural de Valladolid¹⁴, producira en 1905 algunhas curtametraxes documentais de carácter local na cidade herculina. Nese ano de 1906 funcionaban tamén como lugares de exhibición o pavillón “Victorious Graph” e o “Cinematógrafo Sánchez e González” instalado con órgano eléctrico no recheo, nas proximidades da Alameda.¹⁵ A petición de licencia de instalación deste último cinematógrafo fora presentada no Concello por León González González, un dos propietarios, natural de Salamanca.

No Arquivo Municipal de Vigo atopamos nos expedientes de solicitude de licencia de instalación destes pavillóns cinematográficos características destas construcións provisionais. Nalgúns casos o propio Concello de Vigo rexeita a súa presenza en lugares destacados da cidade, como ocorre na instalación dun cinematógrafo na rúa Policarpo Sanz que solicita en 1906 José María Gurich e despois traspasa a Juan Piñal. O informe municipal sobre os traballos de instalación sinala:

“...obras que a simple vista más que de un pabellón cinematográfico regular parecen ser las de un barracón de feria impropio por su estructura y materiales empleados para una instalación decorosa en una de las más amplias vías de la población que desdice horriblemente del ornato de las demás edificaciones.”¹⁶

Das diversas referencias sobre estes cines de barracón se pode deducir que eran construcións simples de madeira que incluso tiñan teito de loneta nalgúns ocasións.

No ano 1907 instálase o pavillón “Victorious Graph” e comeza a funcionar tamén na rúa Velázquez Moreno (antiga Pablo Morillo, entre Policarpo Sanz e Marqués de Valladares) o cinematógrafo “Palacio de la Ilusión” de Isidro Pinacho, que remata coñecéndose como “Salón Pinacho”. Nalgúns dos informes de inspeccións de obras atopamos descripcións detalladas destes primeiros cines provisionais, como é o caso do salón Pinacho:

“El pabellón consta de sola planta baja sobre pilotes y tornapuntas y entramado de madera para ganar el nivel de la calle y es independiente a las edificaciones contiguas, aún cuando por uno de sus lados no llega a los cinco metros de

¹³ “Cinematógrafo Pradera” en *Faro de Vigo*, 27-III-1906, páx. 3; 15-IV-1906, páx. 1. Despois trasladaría o seu espectáculo a cidade de Santiago de Compostela.

¹⁴ Arquivo Municipal de Vigo (A.M.V.), Sección Licencia de Obras. Caixa: URB-157.


¹⁵ “Cinematógrafo Sánchez y González” en *Faro de Vigo*, 14-VIII-1906, páx. 1.

¹⁶ A.M.V. Sección: Licencias de Obra. Caixa: URB-157. Proxecto de construción de cinematógrafo de D. José María Gurich na rúa Policarpo Sanz.

separación (...) Tiene dos puertas de salida en cada cierre de madera lateral que desembocan en un pasillo al descubierto, elevado como el piso del cinematógrafo por pilotes sobre el terreno natural de solares en que está emplazado, rehundidos unos tres metros con respecto a la calle. Los materiales que entran en la composición de este pabellón es la madera en cierres de contorno, pies derechos y armadura...”¹⁷

Co paso do tempo algunhas destas instalacións provisionais parece que paulatinamente se converteron en estables, mantendo a súa actividade no momento que se iniciaba a construcións de cines de carácter permanente. O “salón Pinacho” foi remodelado totalmente cara ao ano 1922, seguindo un proxecto do arquitecto Manuel Gómez Román, cando o local era propiedade do empresario cinematográfico Antonio Méndez Laserna. Debeu reconstruíse como un cine estable, segundo se desprende das descrições da prensa da época:

“La grotesca barraca de entonces, incómoda, antihigiénica, fría en invierno, con un órgano de feria, desaparece para siempre para dar sitio al elegante y confortable teatro que ahora se levanta en la concurridísima calle de Velázquez Moreno. La fachada que consta de tres cuerpos -el del centro saliente- es de una gran sencillez, pero de una gran elegancia...”¹⁸



Alzado do proxecto do salón Apolo.
Jenaro de la Fuente Domínguez. 1914
(Arquivo Municipal de Vigo).

A remodelación supuxo unha ampliación da sala, quedando o publico de xeral sentado nunha gran bancada na parte traseira e o de preferencia no resto da sala. O remodelado “Teatro Pinacho” inaugúrase o 22 de decembro de 1922. Pouco tempo

¹⁷ Informe de Jenaro de la Fuente Domínguez, director facultativo das obras municipais do Concello de Vigo. 1912. A.M.V. Caixa: URB-181, Inspección de obras.

¹⁸ “Vigo artístico. Inauguración del Teatro Pinacho” en *Faro de Vigo*, 21-XII-1922, páx. 2.

despois, en febreiro de 1924 foi afectado por un gran temporal que arruinou o muro da parte posterior do escenario, ordenando o Concello o derrubamento do resto.¹⁹ Sen embargo a vida deste local debeu continuar na rúa Velázquez Moreno, posto que no ano 1928 a prensa viguesa²⁰ dá conta do incendio que sofre o local. Incendio que destruíu case totalmente o local, so deixando en pé a fachada principal e as paredes laterais do escenario. Queimáronse tódolos mobles e o aparato de proxección do cine Royalty que se atopaba neste local por motivo da obras executadas no citado cinematógrafo.

Na primeira e en gran parte da segunda década do século XX a presenza de exhibidores que trasladaban o seu negocio de localidade en localidade debeu moi frecuente, xa que se localizan entre a documentación municipal solicitudes de traslado de pavillóns, como sucede no caso de José Prigue Romero que en 1908 solicita permiso para trasladar un cinematógrafo dende o barrio del Toural ao Concello de Lavadores a un solar da rúa Velázquez Moreno onde estivera instalado o pavillón “Victorious Graph”²¹ En 1910 ademais do citado “Pinacho” funcionaban o “salón Vigués” e o “salón Variedades” dos que emiten informes das súas condicións de seguridade os arquitectos Manuel Felipe Quintana Ochaita e Siro Borrajo Montenegro.²² Estes cinematógrafos provisionais seguían construíndose de madeira, cunha decoración exterior pobre ou inexistente.

No vello “salón Pinacho”²³ proxecta José Gil²⁴ as súas primeiras películas documentais rodadas a partir do ano 1910 na propia cidade de Vigo e noutras localidades galegas. Este fotógrafo, natural de Rubiós (As Neves) e instalado en Vigo desde 1905, convértese nestes anos nun dos grandes pioneiros do cine galego cunha intensa produción cinematográfica documental con temática relacionada coa nosa terra, rodando reportaxes de vilas e cidades, de fábricas de conservas e industrias metalográficas, festas, paisaxes, etc.

¹⁹ GARRIDO RODRÍGUEZ, Xaime, Vigo, la ciudad de que se perdió, Arquitectura desaparecida. Arquitectura no construída, Pontevedra, Deputación Provincial, 1991, páxs. 32-33.

²⁰ “Un Incendio” “El Ideal Cinema en *Faro de Vigo* (*Faro de la Tarde*) 17-IX-1928, páxs. 1 e 2.


²¹ A.M.V. Sección Licencias de Obra. Caixa: URB-182; Exp. José Prigue Romero... 1908

²² A.M.V. Caixa: URB-181. En 1908 establécense normas para a instalación de pavillóns cinematográficos, tanto provisionais como permanentes (“Los cinematógrafos” en *Faro de Vigo*, 19-II-1908, pág. 2.) A lexislación sobre este tipo de instalacións vaise facendo máis estricta polo alto risco de incendio. Un dos máis graves produciuse en 1912 en Villarreal con numerosas persoas mortas (“Terrible catástrofe. Incendio de un cine” en *Faro de Vigo*, 29-IV-1912, pág. 1).

²³ *Faro de Vigo*, 24 e 27-VIII-1910; “El cinematógrafo en Galicia, en *Faro de Vigo*, 18-X-1911, pág. 1.

²⁴ José Gil naceu en Rubiós en 1870 e faleceu en Vigo en 1937. Actuou como fotógrafo na bisbarra do Condado e na cidade de Ourense. Casado con Trinidad Sarabia, de familia de fotógrafos, establécense en 1905 en Vigo. Na súa vida tivo a desgracia que as súas tres fillas faleceran ao chegar á xuventude. Por ese motivo construíu un mausoleo no cemiterio de Pereiró que destaca pola presenza dunha escultura de Francisco Asorey.

A imaxe do ferrocarril aparece nunha cinta rodada en 1911 que recolle unha excursión viguesa a Pontesampaio, figurando nela escenas da chegada do tren a Redondela e do seu paso polo histórico viaducto.²⁵ Ata 1935, ano no que pecha a súa empresa “Galicia Cinegráfica”, José Gil capitaliza gran parte de produción do cine galego nestes anos.²⁶ O 15 de maio de 1916 no citado “salón Pinacho” estrea a película *Miss Ledy*, primeira produción de ficción de José Gil.



Alzados do proxecto do Pavillón Guignol de propiedade de Francisco Llanos. Jenaro de la Fuente Domínguez. 1911. (Arquivo Municipal de Vigo).

No ano 1911 Francisco Llanos Más, avó do coñecido e veterano fotógrafo vigués, solicita permiso para construír o pavillón Guignol na esquina das rúas Pablo Morillo e Luis Taboada. O proxecto foi trazado nese mesmo ano por Jenaro de la Fuente Domínguez. O barracón tiña una planta rectangular de dezaseis metros de lonxitude por seis de ancho, cunha capacidade de 200 espectadores. O novo local abre no verán do ano 1911 con fin de dar espectáculos infantís, se ben posteriormente acolle proxeccións cinematográficas. Como sinala Xaime Garrido, nos alzados do proxecto aparecen trazos modernistas en elementos decorativos como cintas, arcos elípticos, cintas, etc.²⁷

Ao longo da década de 1910 algúns dos pavillóns instalados con anterioridade na cidade de Vigo sofren remodelacións, mantendo un carácter máis estable, como é o caso do “Pavillón Apolo” que parece que viña funcionando na esquina das rúas Luis Taboada e Pablo Morillo dende 1908. En 1914 o seu propietario Evelino Gardeazábal asume a súa reforma, presentando un proxecto asinado por Jenaro de la Fuente Domínguez ese mesmo ano. Na proposta de reforma a planta cadrada de 11 metros por 28 pasa a ter un ancho de 18,10 metros. De novo en marzo de 1915 o propietario solicita licencia de restauración do pavillón, posto que segundo se desprende do informe do propio

²⁵ GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos, *Historia del cine...*, op. cit., páxs. 74-75

²⁶ A partir da República inician a súas traxectorias outros pioneiros do cine documental galego: Antonio Román, Carlos Velo Cobelas e José Suárez Fernández.

²⁷ GARRIDO RODRÍGUEZ, Xaime, *Vigo, la ciudad de que se perdió...*, op. cit., pág. 35.

facultativo municipal Jenaro de la Fuente o cinematógrafo tiña nese momento “podridas todas las partes de sostenimiento en su tercio inferior así como las tablas de cierre...”. O propio Jenaro de la Fuente Domínguez asina no mes de marzo de 1916 un novo proxecto de reforma e case de inmediato outro o arquitecto vigués Jacobo Esténs Romero redacta outro. Segundo a memoria deste último dado o carácter provisional do cinematógrafo o salón antigo tiña nese momento unha estrutura de a madeira, manténdose na reforma proxectada a madeira para os peches exteriores e armadura. As paredes exteriores e interiores estarían pintados e a cuberta executaríase con chapa de ferro. Segundo os datos deste proxecto de reforma o cinematógrafo tería unha capacidade de 600 espectadores, ocupando 350 as localidades de xeral e 250 as de preferencia.²⁸ En 1918 Evelino Gardeazábal solicita licencia para abrir este local que pasa a denominarse “Trianón”. No ano 1923 xa non aparece referenciado na documentación municipal.



Cine de barracón: Ideal Cinema. Situado na Alameda de Vigo, entre a rúa Plablo Morillo e praza de Compostela (Foto Pacheco, recollida por Xaime Garrido).

O “Ideal Cinema” foi ao último dos pavillóns cinematográficos construídos na cidade de Vigo. Os seus propietarios, Serafín Rodríguez e Antonio Méndez, solicitan a necesaria licencia municipal²⁹ en febreiro de 1914. O pavillón levántase no solar que ocupara o “Salón Variedades”, no ángulo da Praza de Compostela coa actual rúa Pablo


²⁸ A.M.V. Sección de Licencias de Obras. Caixas: URB-173 e URB-174.

²⁹ A.M.V. Sección de Licencias de Obras. Caixa: URB-171.

Morillo, e inaugúrase con toda solemnidade³⁰ o 24 de xuño de 1914. En febreiro de 1918 Jenaro de la Fuente Domínguez asina un proxecto de consolidación, reforzando a súa estrutura de madeira con un zócolo de ladrillo e pilastras do mesmo material. O cine pasou por diversas mans e no momento de abordar esta reforma era propiedade de Antonio Tourón. En 1923 pertencía a Ramón Ril Castigo. Nese ano tiña un aforo de 574 persoas, repartidos en xeral con bancos corridos no espazo máis próximo ao escenario e en preferencia con butacas individualizadas.³¹

3.2. 3. As primeiras salas de cine permanentes na cidade de Vigo

Se ben as primeiras salas non provisionais nas que se realizan proxeccións cinematográficas na cidade de Vigo son os teatros Tamberlick e Rosalía de Castro, as primeiras construcións destinadas fundamentalmente ao novo espectáculo son os cines Royalty e Odeón. Estas dúas salas foron proxectadas en 1916 polo arquitecto parisino Michel Pacewicz, aínda que na documentación municipal aparezan os planos asinados polo arquitecto Álvarez Reyero. Esta circunstancia é debida a que Michel Pacewicz ao establecerse en Vigo no habilitara o seu título para exercer en España, polo que para darlle validez oficial aos seus proxectos necesitaba da sinatura dalgún dos seus compañeiros.³²



Alzado do proxecto do cine Royalty. Michel Pacewicz. 1916 (Arquivo Municipal de Vigo).

³⁰ “El Ideal Cinema. Próxima apertura” en *Faro de Vigo*, 18-VI-1914, páx. 2; “El Ideal Cinema, su inauguración” en *Faro de Vigo*, 25-VI-1914, páx. 2.

³¹ GARRIDO RODRÍGUEZ, Xaime, *Vigo, la ciudad de que se perdió...*, op. cit., páx. 38-39

³² MARTÍN CURTY, J. A., *Pacewicz, arquitecto vigués*, Santiago, COAG, 1992, páx. 300-307.

O cine Royalty,³³ que posteriormente será coñecido polo nome de Cinema Vigo, situábase no ángulo das rúas Marqués de Valladares e Velázquez Moreno, con entrada principal por esta última rúa. Foi construído por Antonio Méndez Laserna, ocupando o soar no que anteriormente se emprazara o pavillón coñecido como “Salón Vigués”, tal como aparece no plano encargado polo Concello ao enxeñeiro Ramiro Pascual. O cine tiña un aforo superior ás cincocentas localidades, distribuídas como era norma en preferencia e xeral. A súa construción efectuouse en ladrillo con lucidos de cemento exteriores. Ademais dunha maior comodidade para os espectadores, contaba con novidades como o bar e as salas de espera tanto para preferencia como para xeral.



Cine Royalty.
Rúa Velázquez
Moreno,
esquina a
Marqués de
Valladares
(Foto
Pacheco).

Na concepción das fachadas deste primeiro cine vigués aparece a liberdade creativa que caracterizou ao deseño destas edificacións, nas que polo seu carácter de espectáculo novo era máis doado incorporar tendencias novas ou decoracións singulares que actuaban como reclamo do propio espectáculo. Propostas innovadoras ou atrevidas ornamentacións que eran impensables noutro tipo de edificacións. Neste caso Michel Pacewicz inclínase por exótico eclecticismo cheo de referencias orientalistas. O cine Royalty,³⁴ inaugurado o 25 de novembro de 1916, desapareceu nos inicios da década de

³³ A.M.V. Sección Licencias de Obra, Caixa: URB-174. Exp. Cine Royalty.

³⁴ “El Cine Royalty. Su inauguración” en *Faro de Vigo*, 25-XI-1916, páx. 1; “Espectáculos. Salón Royalty” en *Faro de Vigo*, 26-XI-1916, páx. 4.

1960, construíndose o actual edificio que acolle no seu baixo a igrexa dos Apóstolos.

O cine Odeón,³⁵ contemporáneo do anterior, foi construído por Ángel Núñez García no ángulo das rúas Urzaiz e Magalláns con muros de pedra e cuberta de fibrocemento, material incombustible utilizado nestas datas para este tipo de edificacións. A sala do cine era de planta rectangular cunha superficie de 35, 50 metros de lonxitude por 15 de ancho. Tiña unha capacidade para setecentos noventa e catro espectadores, repartidos en cincocentas tres localidades de preferencia e duascenas noventa e unha de xeral.



³⁵ A.M.V. Sección Licencias de Obra, Caixa: URB-174. Exp. a Ángel Núñez García para construir pabellones destinados a espectáculos públicos...




Imaxes do cine Odeón na esquina das rúas Magalláns e Urzaiz (Fotos Pacheco).

Na fachada principal volve o arquitecto Michel Pacewicz a empregar unha marcada decoración ecléctica, menos exótica que no Royalty, cunha composición rematada nun pomposo frontón mixtilíneo de sabor rococó, adornado con volutas. Nas obras de decoración do interior e do escenario intervén o pintor e escenógrafo valenciano Amorós. O 8 de outubro de 1917 lévase a cabo unha función privada para a prensa, autoridades e representantes doutras institucións da cidade.³⁶ O cine teatro Odeón abre as súas portas³⁷ ao público o 12 de outubro de 1917. Foi derrubado a principios da década de 1970.

³⁶ “Nuevo teatro en Vigo. El Odeón” en *Faro de Vigo*, 4-X-1917, páx. 1; “Teatro Odeón” en *Faro de Vigo*, 8, 9-X-1917, páx. 1.

³⁷ “Odeón” en *Faro de Vigo*, 11, 12, 13-X-1917, páx 1 e 2.



Imaxe do teatro García Barbón en construción (Antonio Palacios, 1911-1926). Na planta baixa da rúa Marqués de Valladares (parte inferior da imaxe) emprazouse a sala cinematográfica "Rosalía de Castro" (Foto recollida por J. A. Sánchez García).

Estes dous cines suplen o perigo e provisionalidade dos primeiros barracóns de madeira onde o cine deu os seus primeiros pasos. Na cidade de Vigo inician un febril proceso de construción de elegantes salas de cine que se acelera segundo o propio espectáculo adquire unha maior presenza.

Un poderoso estímulo na súa difusión foi a consecución do cine sonoro, que se presenta en Nova York en outubro de 1927, alcanzando unha rápida difusión por Estados Unidos. A algunhas cidades españolas chega no ano 1929 e a Galicia o fai o 14 de marzo de 1930, efectuándose a primeira proxección no teatro Tamberlick de Vigo, que nese ano explotaba Isaac Fraga Framil, o que será o maior exhibidor estable de cine de Galicia.³⁸ Pouco tempo despois as proxeccións sonoras incorpórase ao teatro García Barbón e cine Rosalía de Castro.³⁹

³⁸ *Faro de Vigo*, 15-III-1930.

³⁹ "El acontecimiento del jueves en el García Barbón..." en *Faro de Vigo*, 4-XI-1930, páx. 5.




Interior do cinematógrafo Rosalía de Castro no momento da súa inauguración o 30 de decembro de 1926 cunha función benéfica. Abre ao público ao día seguinte coa película *Mare Nostrum*.


O cine gaña numerosos espectadores e alcanza unha gran categoría como espectáculo, reflectíndose na construción de novas salas e no prestixio dos arquitectos autores dos seus proxectos.

Antonio Palacios Ramilo en 1913 o traza o cinematógrafo Rosalía de Castro (abre ao público en decembro de 1926) dentro da destacada obra do teatro García Barbón; Luis Gutiérrez Soto proxecta en 1942 o ampuloso teatro cine Fraga; Francisco Castro e Pedro Alonso deseñan en 1943 en estilo racionalista o desaparecido Cinema Radio, etc.⁴⁰ Outros cines abren as súas portas nestes anos, ante a paixón e expectación que levantou o cine sonoro. Desta época son os desaparecidos cines “Niza”, “Gran Vía”, “Travesas”, “Disol (na zona das Travesas); “Avenida” e “Palermo” no Calvario, “Roxy” (na zona de Teis), “Maravillas” (Bouzas), etc.

⁴⁰ IGLESIAS VEIGA, X. M^a R., “Arquitectura y cinematógrafo en la ciudad de Vigo: Palacios, Gutiérrez Soto, Francisco Castro y Pedro Alonso” en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie VII, Tomo 5, Historia del Arte, Madrid, 1992, páxs. 491-535.



Teatro-cine Fraga. Rúa Uruguai. Vigo. Alzado frontal do proxecto trazado por Luís Gutiérrez Soto.1942. (Arquivo Municipal de Vigo).



Teatro-cine Fraga.. Alzado lateral. Luís Gutiérrez Soto. 1942. (Arquivo Municipal de Vigo).

3.3. Os inicios do cine no Porriño




O Porriño. Barrio de San Benito a principios do século XX.

As referencias documentais e hemerográficas a penas aportan información sobre os primeiros anos do cine na vila do Porriño. É probable a presenza dalgún cine de barracón con motivo das festas ou a realización dalgunha proxección nun lugar estable como café ou sociedade recreativa, ao estar a vila moi ben comunicada por ferrocarril. Con toda probabilidade moitos veciños da vila coñecerían o novo invento na cidade de Vigo no tempo transcorrido entre a chegada do cinematógrafo á esta cidade no ano 1897 e a presenza da primeira sala de cine estable na vila do Louro en 1916. A través da prensa viguesa existe constancia de exhibicións esporádicas no Porriño como acontece en xuño de 1916 no café Brasil, onde se proxecta a película “La dama de las camelias”. É posible que estas proxeccións esporádicas se efectuaran con anterioridade.

A primeira sala de cine permanente do Porriño foi o teatro cine Carrera que abre as súas portas ao público o 30 de outubro de 1916, nun edificio construído con esta finalidade na rúa Antonio Palacios polo seu propietario Cándido Pereiro. O *Faro de Vigo* recolle o éxito das funcións inaugurais:

“En la noche de anteayer tuvo lugar la inauguración del hermoso y espléndido local dedicado a teatro y cine, que constituye una mejora importante en esta, pues el teatro instalado en el Liceo Artístico resultaba insuficiente para esta localidad. El edificio construido ex-profeso para teatro, reúne condiciones inmejorables de comodidad y seguridades, hallándose decorado gusto, sin que el inteligente

propietario D. Cándido Pereiro haya perdonado el más mínimo detalle para el mayor confort del mismo. En la inauguración hizo su debut, siendo sumamente aplaudidas, las duetistas Vila-Neira, que obtuvieron un estruendoso éxito, proyectándose hermosas películas que agradaron mucho. Las dos secciones fueron dos llenos, en tal forma, que hubo de suspenderse la venta de localidades. Muchas fueron las felicitaciones recibidas por el empresario y propietario del teatro, don Cándido Pereiro...”⁴¹



En primeiro termo a imaxe do teatro-cine Diz situado na rúa Ramón González do Porriño. ao fondo o edificio do Concello proxectado por Palacios (1919-1924). Foto recollida en *Porriño 1895-1995. Recuerdos de un siglo*.

Nos anos seguintes o cine teatro Carrera compaxinará as proxeccións cinematográficas con outros espectáculos arraigados como as “variedades” e o teatro.⁴²

⁴¹ “Desde Porriño” en *Faro de Vigo*, 1-XI-1916, páx. 2.

⁴² “Desde Porriño”, 3-III-1917, páx. 1; 4-XI-1917, páx. 1; 30-I-1918, páx. 3.

En novembro de 1927 sofre as consecuencias dun forte temporal que derruba a cheminea da casa do señores de Herranz sobre a cuberta do edificio, esnaquizando tellas e provocando o derrubamento dunha parte do teito sobre o patio de butacas onde rompeu bancos e cadeiras.⁴³ A pesar do contratempo o cine continuou funcionando e no ano 1934 pasa a denominarse⁴⁴ “Salón Pereiro”. Co paso do tempo reformouse e co nome de “cine Roxy” perviviu ata os nosos días como único sobrevivente dos tres locais nos que os porriñeses gozaron do cine. Nos inicios da década de 1930 o empresario desta veterana sala, Casiano Pereiro, tivo en proxecto a construción dun novo e gran inmoible que se chamaría Teatro Colón, esperando a presenza dun maior número de público ao estar en proxecto a construción dun aeroporto nas Gándaras de Porriño.⁴⁵ O proxecto do gran cine e aeroporto non prosperan e quedan finalmente no papel.



Imaxe de principios de século da rúa Antonio Palacios na que se situaba o cine Carrera. Xa en época tamén se instalaría o cine Palacios.

Cara ao inicio da década de 1920 inaugúrase na rúa Ramón González o “teatro-cine Diz” que era unha sala de maior capacidade que a anterior rexentada por Cándido Pereiro. Os cines foron coñecidos popularmente no Porriño como o “cine de arriba” (o Carrera) e o “cine de abaixo” (o Diz), xerándose entre eles a competencia por atraer un maior número de espectadores.⁴⁶ Segundo se desprende das referencias hemerográficas

⁴³ “Información regional. Porriño” en *El Pueblo Gallego*, 9-XI-1927, páx. 13.


⁴⁴ *El Tea*, 14-X-1934

⁴⁵ “Porriño” en *El Pueblo Gallego*, 10-I-1930, páx. 8: “...El antiguo empresario del Cine Carrera, señor Pereiró, (...) nos ha manifestado que al tiempo que dan comienzo las obras del aeropuerto, se iniciará la construcción de un gran teatro que vendrá a colmar los deseos del público porriñés. Para el emplazamiento del nuevo coliseo, que se denominará Teatro Colón, se elegirá uno de los tres sitios: casa de Don Rodrigo Quirós, “La Cueva” o casa del señor Palacios...”

⁴⁶ VV.AA., *Porriño (1895-1995). Recuerdos de un siglo*, O Porriño, Joyería Lorenzo, 1995, páx. 41; GIRÁLDEZ, Diego, “As primeiras salas de cine no Porriño” en *Malladoura*, núm. 5, setembro de 2002, páxs. 26-29.

o novo cine debeu ter axiña grande éxito:

“Son cada día máis grandes los llenos con que el cine de Diz se ve obsequiado, llenos que no nos extrañan pues los Srs. de Diz se desvelan para que el público contemple las últimas proyecciones cinematográficas que las grandes empresas películeras han lanzado al mercado del mundo. Dentro de breve tiempo inauguraranse los jueves de moda, que dado el interés con que son esperados serán un éxito loco y que nos proporcionarán la satisfacción de poder ver reunida en este elegantísimo teatro la buena sociedad porriñesa...”⁴⁷



Imaxe do desaparecido cine Capitol do Porriño. Este cine era froito de remodelación do vello "teatro-cine Diz", que xunto co "cine Carrera" capitalizaron as proxeccións cinematográficas na vila do Porriño.

Como sucedía co local de Casiano Pereiro o novo cinematógrafo Diz compaxinou a dedicación a cine coa presentación dos citados espectáculos de “variedades” e teatro.⁴⁸ Durante estes anos os dous cines descansaban durante o verán, dando comezo o tempada de proxeccións no mes de outubro:

“Hoy a las siete de la noche tendrá lugar en los pabellones de los teatros Carrera y Diz, la inauguración de la temporada de cines que estaban cerrados desde la entrada del verano. Entre el elemento joven reina una gran animación...”⁴⁹

Sobre a presenza do cine sonoro, aparece cara ao final do ano 1933 a referencia

⁴⁷ “Porriño”, 1-XI-1922, páx. 4.

⁴⁸ “Porriño” en Faro de Vigo, 5-VI-1923, páx. 2; 14-VIII-1923, páx. 2; 12-II-1924, páx. 2; 17-XI-1925, páx. 2.

⁴⁹ “Porriño. Apertura de cines” en *El Pueblo Gallego*, 6-X-1919, páx. 13.

hemerográfica⁵⁰ de instalación dun aparato sonoro no “teatro Diz”, se ben existen notas⁵¹ anteriores que o parecen situar neste local no ano 1931. A posible contradicción entre as diversas fontes hemerográficas explícase porque moitas salas de cine mudo, aínda sen mercar un equipo de proxección sonoro, puideron amosar aos seus fieis espectadores as bondades do cine sonoro gracias, de novo, aos exhibidores ambulantes que percorrían as diversas localidades galegas. En novembro de 1934 temos constancia de que os dous cines existentes na vila proxectan de forma estable películas sonoras.⁵² A presenza de salas con sistemas de proxección permanente significaba, como se comproba na prensa da época, un símbolo da categoría da localidade.

O “teatro cine Diz” sufrirá xa no período posterior á guerra civil amplas reformas, transformándose no “cine Capitol”. Hai unhas décadas foi derrubado para construír o actual edificio que acolle na súa planta baixa as oficinas de Caixanova. Tamén desapareceu o cine “Palacios” construído en época máis recente na rúa que leva o nome do afamado arquitecto. Na actualidade só queda como testemuña do que supuxo este espectáculo no Porriño o “cine Roxy”, a primeira sala, que no nome de “cine Carrera” tivo a vila.

⁵⁰ *El Tea*, 4-XI-1933.

⁵¹ *Faro de Vigo*, 1-VII-1931, páx. 2

⁵² *El Tea*, 14-XI-1934.

3.4. O ferrocarril no cine.



3.4.1. Introducción

Dende o nacemento do cinematógrafo, hai algo máis dun século, o cine foi evolucionando ata converterse nun dos medios de comunicación de masas máis importante, ademais de elemento fundamental de ocio e diversión da humanidade. Así como o cine entrou cada vez máis na vida do home, o ferrocarril tamén se transformou nun medio imprescindible de mercadorías e viaxeiros.


Como parte fundamental da vida do home pasou a formar parte das historias que conta o cine, presentándose como un dos seus protagonistas máis asiduos. Ademais de como actor principal, ás veces o tren aparece como actor secundario e outras como espacio ou escenario onde se desenvolve a película. O ferrocarril foi un pretexto para o cine. En ocasións foi acción, noutras alto suspense, acción, drama..., e noutras simple escenario.

Cine e ferrocarril foron medios que enraizaron profundamente na sociedade da época. O tren incorporouse con prontitude á vida cotiá, asumindo tamén un valor simbólico como alegoría do progreso, esperanza de futuro, imaxe de liberdade, etc. A súa presenza no cine, axuda, dende a ficción, a comprender a sociedade occidental e a súa evolución.

A continuación preséntase cincuenta películas nas que o ferrocarril é protagonista ou actor secundario. Indubidablemente non están presentes todas aquelas que abordan o



O cabalo de ferro



O cabalo de ferro

Título orixinal: The Iron Horse

Director: Ford, John.

Ano: 1924.

Intérpretes principais: George O'Brien, Madge Bellamy, Charles Edward Bull, Cyril Chadwick...

Xénero: Oeste

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Rematada a guerra civil norteamericana, a tarefa inmediata será o sometemento das tribos sioux instaladas ao longo do tendido ferroviario. Nesta tarefa vai xogar un papel fundamental o “cabalo de ferro”.

O maquinista da xeral

Título orixinal: The General.

Director: Keaton, B.

Ano: 1928.

Intérpretes principais: Buster Keaton, Marion Mack, Glen Cavander, Jim Farley.


Xénero: cómico.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: un maquinista de tren intenta recuperar a súa prometida, secuestrada por un grupo de soldados durante a guerra civil norteamericana. Baseada nun feito real o protagonista, maquinista da compañía Western & Atlantic, ten dúas paixóns: unha a locomotora ("A xeneral") e a outra a súa noiva. Está ambientada na guerra civil americana.



O M A Q U I N I S T A D A X E R A L



0 Expreso de Shanghai

Título orixinal: Shanghai express.

Director: Von Stenberg, J.

Ano: 1932.

Intérpretes principais:

Xénero: Melodrama

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Historia de aventuras situada na guerra civil china e que ten como protagonista a Marlene Dietrich. Nove pasaxeiros toman o Expreso de Shanghai, un tren que atravesa a China en pleno conflito bélico. O ferrocarril quedará bloqueado pola intervención dun grupo de bandidos que pretenden capturar prisioneiros...



Unha muller para dous

Título orixinal: Desing for living

Director: Lubitsch, E.


Ano: 1933.

Intérpretes principais: Fredric March, Gary Cooper, Miriam Hopkins, Edward Everett Horton, Franklin Pangborn, Isabel Jewell


Xénero: comedia.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Dous amigos, un escritor e o outro pintor, deciden convivir coa única muller que aman.



U n h a m u l l e r p



A n a K a r e n i n a

Ana Karenina

Título orixinal: Ana Karenina

Director: Brown, Clarence.

Ano: 1935

Intérpretes principais: Greta Garbo, Fredrich March, Basil Rathbone, Freddie Bartholomew

Xénero: melodrama.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Na viaxe en ferrocarril dende San Petesburgo a Moscova, un elegante oficial namorase de Ana Karenina, unha dama casada e cun fillo. Pese á oposición do marido e dos prexuízos sociais, deciden vivir xuntos. A película amosa unha traxedia emocional onde están presentes a paixón, moralidade, sentimentos, etc. A película está baseada nunha novela León Tolstoi.





A besta humana

Título orixinal: La bête humaine

Director: Renoir, J.

Ano: 1938.

Intérpretes principais: Jean Gabin, Simone Simon, Fernand Ledoux, Julien Carette, Blanchette Brunoy, Jean Renoir

Xénero: drama.

Nacionalidade: francesa.

Sinopse: Trata o tema dun ferroviario que padece demencia e impulsos asasinados. Adaptación



Os irmáns Marx no Oeste

Título orixinal: Go West

Director: Buzzel, E.

Ano: 1940.

Intérpretes principais: Robert Barrat, Diana Lewis, John Carroll, Chico Marx, Harpo Marx, Groucho Marx

Xénero: comedia.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Narra as historias que xorden durante a construción do ferrocarril entre Cripple Creek e o Pacífico en plena época da febre do ouro americana Os irmáns Marx trasládanse ao oeste coa intención de enriquecerse coa busca deste prezado metal. Adquiren propiedades sen valor en relación co ouro, pero moi importantes para a compañía ferroviaria...



Duelo ao sol

Título orixinal: Duel in the Sun

Director: Vidor, King.

Ano: 1946.

Intérpretes principais: Jennifer Jones, Gregory Peck, Joseph Cotten, Lionel Barrymore, Herbert Marshall, Lillian Gish, Walter Huston.

Xénero: Oeste

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: A filla dun axustizado vese na obriga de convivir na casa da ex-noiva do seu pai. No novo fogar terá que enfrontarse cos dous fillos da familia. Dúas personalidades totalmente diferentes. Un dos mozos profesará pola rapaza un amor calado e respectuoso, mentres que o outro irmán é un home arrogante, pero cun gran encanto físico. A moza debaterase entre o amor por un ou por outro.



O expreso de Berlín

Título orixinal: Berlín Express

Director: Tourneur, Jacques.

Ano: 1948

Intérpretes principais: Robert Ryan, Merle Oberon, Charles Korvin, Paul Lukas, Robert Coote...

Xénero: policía

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Rematada a segunda guerra mundial un policía ten como misión a custodia dun político pacifista que se dirixe en tren desde París á Berlín para intentar buscar a unificación de Alemaña. Antes da chegada do tren a Frankfurt o político é asasinado, iniciándose unha complicada trama de espionaxe, antes de desenmascarar ao culpable do crime.

B e r E S T R A Ñ O S N U N T R E N





Estraños nun tren.

Título orixinal: Strangers on a Train

Director: Hitchcock, Alfred.


Ano: 1951.



Intérpretes principais: Farley Granger, Robert Walker, Ruth Roman.

Xénero: intriga.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un tenista e un millonario herdeiro coñécense nun tren e na viaxe maquinan un diabólico plan: un deles debe matar á muller do tenista da que quere separarse a cambio de que este asasine ao pai do psicópata para herdar a fortuna. Baseado nunha novela de Patricia Highsmith





Só diante o perigo

Título orixinal: High Noon

Director: Zinnemann, Fred.


Ano: 1952.

Intérpretes principais: Gary Cooper, Grace Kelly, Katy Jurado, Lloyd Bridges.

Xénero: oeste

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Trata o enfrontamento entre o representante da lei e un antigo infractor condenado con anterioridade polo mesmo funcionario. O sherif quédase só e sen o respaldo dos cidadáns ante a volta deste bandido, tendo que enfrontarse en solitario a el e o seu grupo. A acción é amosada como nunha película de suspense que chega o seu punto culminante antes da chegada do tren das doce do mediodía no que viña o perigoso criminal.



Río de sangue

T

título orixinal: The Big Sky

Director: Hawks, H.

Ano: 1952.

Intérpretes principais: Kirk Douglas, Dewey Martin, Arthur Hunnicutt, Booth Colman, Hank Worden, Robert Hunter...

Xénero: Oeste

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Uns comerciantes de peles tratan de buscar amigos entre os indios para establecer unhas negociacións beneficiosas.



O máis grande espectáculo do mundo

Título orixinal: The greatest show on earth

Director: de Mille, Cecil

Ano: 1952.

Intérpretes principais: Charlton Heston, Cornel Wilde, Betty Hutton, James Stewart...


Xénero: drama

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un home acusado de homicidio, ocúltase no circo e representa á un pallaso para non ser descuberto e sempre aparece coa cara oculta. A historia ten como espacio común o circo.



Estación Termini



Título orixinal: Stazione termini

Director: de Sica, Vittorio.

Ano: 1953.

Intérpretes principais: Jennifer Jones, Montgomery Clift, Mary Forbes...

Xénero: drama

Nacionalidade: Italia – EE.UU.

Sinopse: Conta a relación entre unha norteamericana, casada e de vacacións en Roma, que ten unha relación cun mestre italiano novo.



Os inútiles

Título orixinal: I vitelloni

Director: Fellini, Federico.

Ano: 1953.

Intérpretes principais: Franco Interlenghi, Alberto Sordi, Franco Fabrizi, Leopoldo Trieste, Ricardo Fellini, Eleonora Ruffo, Jean Brochard...

Xénero: drama

Nacionalidade: italiana.

Sinopse: Nunha estación balnearia do Adriático, un grupo de rapaces vive as dificultades propias da entrada na idade adulta. O seu descontento provoca que realicen diversas actividades, non todas dignas de admiración



Cómicos

Título orixinal: Cómicos.

Director: Bardem, Juan Antonio.

Ano: 1954.

Interpretes principais: Christian Galvé, Fernando Rey y Emma Penella

Xénero: drama:

Nacionalidade: española.

Sinopse: Crónica sobre unha compañía de cómicos ambulantes da posguerra española que soñan con triunfar no mundo do espectáculo. Reflicte o mundo dos actores e do teatro desa difícil época da historia española. Con esta película Juan Antonio Barden debutou como director



A noite do cazador

Título orixinal: The night of the hunter.

Director: Laughton, Ch.

Ano: 1955.




Intérpretes principais: Robert Mitchum, Shelley Winters, Lillian Gish, James Gleason, Evelyn Varden.

Xénero: intriga.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un ladrón esconde o botín procedente dun atraco antes de ser posto a disposición da xustiza. No cárcere coñece a un novo compañeiro que, unha vez libre, obsesiónase con facerse co botín. Nese proceso acaba namorándose da muller do ladrón e finalmente casa con ela.





A p o n t e s o b r e o r í o K w a i





A Ponte sobre o río Kwai

Título orixinal: The Bridge on the river Kwai.

Director: Lean, D.


Ano: 1957.

Intérpretes principais: William Holden, Alec Guinness, Jack Hawkins...

Xénero: guerra.

Nacionalidade: Gran Bretaña

Sinopse: A película desenvólvese en Siam, no ano 1943, durante a segunda guerra mundial. Os prisioneiros británicos traballan na construción dunha ponte do chamado "ferrocarril da morte". No transcurso das obras, xorden disputas entre xaponeses e ingleses. O goberno inglés ordena a un comando a destrución da ponte.



O tren das 3,10

Título orixinal: 3:10 to Yuma

Director: Daves, Dave.

Ano: 1957.

Intérpretes principais: Van Heflin, Glenn Ford, Leora Dana, Felicia Farr.

Xénero: oeste.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Filme do oeste localizado nos anos cincuenta que narra as aventuras dun rancheiro que abafado economicamente colabora na captura dun perigoso bandido, coa aspiración de conseguir unha recompensa que acabe cos seus problemas. A banda deste último tenta liberar ao seu xefe antes que o rancheiro o conduza cara á cidade de Yuma no tren das 3:10.



Ladrón de bicicletas

Título orixinal: Ladri di biciclette

Director: de Sica, Vittorio

Ano: 1948.

Intérpretes principais: Lamberto Maggiorani, Enzo Staiola, Lianella Carell, Vittorio Antonucci, Giulio Chiari, Gino Saltamerenda.

Xénero: drama.

Nacionalidade: italiana.

Sinopse: Narra as dificultades que vive un traballador parado na época da gran depresión. Tras conseguir traballo como fixador de carteis, no primeiro día de traballo, róuballe a bicicleta que necesita imperiosamente para ir a traballar. A acción desenvólvese na desesperada e imperiosa busca dunha bicicleta, medio fundamental de traballo para este obreiro.





O último tren de Gun Hill

Título orixinal: Last Train from Gun Hill.

Director: Sturgess, John.



Ano: 1959.


Intérpretes principais: Kirk Douglas, Anthony Quinn y Carolyn Jones

Xénero: oeste.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: O sherif de Gun Hill busca afanosamente o asasino da súa dona. Investiga nas posesión do gandeiro máis importante da bisbarra, descubriendo que o fillo deste é o home que busca.





A conquista do Oeste

Título orixinal: How the west was won

Director: Ford, John.

Ano: 1962.


Intérpretes principais:

Xénero: oeste.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Historia localizada na época da conquista do Oeste norteamericano por parte dos colonos a partir do ano 1830. Numerosas familias comezan unha longa viaxe cara ao oeste, cara ao val do río Ohio, co fin de obter novas terras.

A c o n q u i s t a d o O e s t e





Desde Rusia con amor

Título orixinal:

Director: Young, Terence.


Ano: 1963.


Intérpretes principais: Sean Connery, Daniela Bianchi, Pedro Armendariz, Lotte Lenya, Robert Shaw...

Xénero: acción- aventuras.

Nacionalidade: Gran Bretaña

Sinopse: Un axente británico (James Bond) ten como misión apoderarse dunha máquina imprescindible para descifrar os novos sistemas de comunicación, axudando a xove Tatiana que desexa abandonar o seu traballo na embaixada soviética en Portugal. Desde Istambul James Bond e Tatiana foxen no ferrocarril Orient Express...





O Tren

Título orixinal: The Train

Director: John Frankenheimer.


Ano: 1964.

Intérpretes principais: Burt Lancaster, Paul Scofield, Wolfgang Preiss y Jeanne Moreau.

Xénero: acción-bélica.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Ambientada na Francia ocupada da II guerra mundial. A acción transcorre case totalmente nun tren. Cara ao final do conflito bélico, cos alemáns en retirada, un alto oficial traslada destacadas obras de arte a Alemaña. A resistencia francesa trata de evitar este grave atentado contra o patrimonio artístico do seu país.





O Expreso Von Ryan

Título orixinal: Von Ryan's Express

Director: Robson, M.

Ano: 1965.

Intérpretes principais: Frank Sinatra, Trevor Howard, Raffaella Carra, A..Dexter, Fantoni...

Xénero: acción-bélica.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: A chegada de Ryan, oficial das forzas norteamericanas despregadas en Europa ao campo de concentración nazi vai a alterar de forma significativa a vida dos seus internos. Cando ao final da guerra está próximo os prisioneiros foxen nun convoi alemán.

D o u t o r

Z h i v a g o





Doctor Zhivago

Título orixinal: Doctor Zhivago.

Director: Lean, David.

Ano: 1965.

Intérpretes principais: Omar Shariff, Julie Christie, Geraldine Chaplin y Alec Guinness.

Xénero: Drama.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Longametraxe que narra a historia de amor entre un médico e unha enfermeira durante a Revolución Rusa de 1917. Amosa a convulsión deste momento en Rusia e as repercusións que ten sobre este doutor e aqueles que o rodean. As escenas ferroviarias que aparecen na película corresponden a liñas españolas, xa que a película foi rodada en España. A película está baseada no libro de Boris Pasternak "Doctor Zhivago"



¡Viva María!

Título orixinal: ¡Viva María!

Director: Malle, Louis.


Ano: 1965.



Intérpretes principais: Brigitte Bardot, Jeanne Moreau, George Hamilton...

Xénero: Comedia.

Nacionalidade: Francia-Italia.

Sinopse: Peripecias que lle suceden á dúas coristas que están namoradas do mesmo home. As dúas coristas que se chaman María vense envoltas na guerra ao situarse a acción na Revolución Mexicana. A película pertence á primeira época do gran realizador francés Louis Malle. É unha comedia con certos trazos surrealistas....





O graduado

Título orixinal: The Graduate

Director: Nichols, Mike.

Ano: 1967.

Intérpretes principais: Dustin Hoffman, Anne Bancroft, Katharine Ross, William Daniels Elizabeth Wilson...

Xénero: drama-romance.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un mozo, graduado con excelentes cualificacións, mantén relacións íntimas coa nai da muller da que posteriormente se namorará. A película describe esta relación entre un tímido e inseguro mozo e unha neurótica e alcohólica muller madura. Cunha gran narrativa o director amosa a sociedade da súa época. Da película destaca tamén a música de Simón e Garfunkel.





Trens rigorosamente vixiados

Título orixinal: Ostre sledované vlaky

Director: Menzel J.

Ano: 1966.

Intérpretes principais: Václav Neckár, Josef Somr, Vlastimil Brodský, Vladimír Valenta, Alois Vachek, Ferdinand Kruta, Jitka Bendová

Xénero: guerra.

Nacionalidade: Checoslovaquia.

Sinopse: Trama sobre a resistencia dos empregados do ferrocarril checoslovaco contra do exército hitleriano na segunda guerra mundial.

Unha tarde, un tren

Título orixinal: Un soir, un train

Director: Delvaux, A.ndré.

Ano: 1968.


Intérpretes principais: Yves Montand, Anouk Aimée, Adriana Bogdan, François Beukelaers

Xénero: Drama

Nacionalidade: Belga.

Sinopse: Na relación dunha parella, onde cada quen vive as súas interioridades, unha serie de acontecementos colocan a cada un na súa realidade.





O Emperador do Norte

Título orixinal: The Emperor of the North Pole

Director: Aldrich, Robert.


Ano: 1973.


Intérpretes principais: Lee Marvin, Ernest Borgnine, Keith Carradine, Charles Tyner, Simon Oakland, Elisha Cook, Matt Clark.

Xénero: drama

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: A trama sitúase na depresión americana do 1929 e narra a historia de varios vagabundos que se buscan a vida utilizando ilegalmente o ferrocarril como medio de transporte. Recrea a crueza deste momento histórico, no que o paro xeneralizado e a miseria afectaban á sociedade americana.





Asasinato no Orient Express

Título original: Murder on the Orient Express.

Director: Lumet, Sidney

Ano: 1974.

Intérpretes principais: Albert Finney, Lauren Bacall, Ingrid Bergman, Martin Balsam.

Xénero: Aventura.

Nacionalidade: Gran Bretaña.

Sinopse: O protagonista, Hércules Poirot, na viaxe no Orient Express, debe investigar o asasinato dun millonario acaecido no compartimento do lado.



Novecento

Título orixinal: Novecento

Director: Bertolucci, Bernardo.


Ano: 1977.

Intérpretes principais: Burt Lancaster, Sterling Hayden, Robert De Niro, Dominique Sanda, Gerard Depardieu...

Xénero: histórico.

Nacionalidade: Francia, Alemaña, Italia.

Sinopse: A película segue a vida de dous amigos nados na mesma data do ano mil novecentos. Un era fillo dun terratenente e o outro dun obreiro agrícola. O fascismo situará a cada un na súa clase social. A película narra paralelamente a historia destas clases sociais ás que pertencen: terratenentes e campesiños. Un dos protagonistas mantén as terras uníndose o fascismo. O outro permanece ligado aos partidos obreiros, loitando contra os seguidores de Mussolini.





O tren do terror

Título orixinal: Terror Train

Director: Spottiswoode, Roger.


Ano: 1980.

Intérpretes principais: Sandee Currie, David Copperfield, Anthony Sherwood, Hart Bochner, Jamie Lee Curtis, Ben Johnson...

Xénero: terror.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un grupo de estudantes celebra unha festa de fin de curso nun tren en marcha. Un deles, que fora vítima dunha broma pesada por parte dos seus compañeiros, decide vingarse na festa de graduación que se celebra no tren en marcha. No transcurso da viaxe prodúcese unha serie de asasinatos.



O tren do inferno

Título orixinal: Runaway Train

Director: Konchalowski, A.

Ano: 1985.

Intérpretes principais: Jon Voight, Eric Roberts, Rebecca De Mornay, Kyle T. Heffner...

Xénero: acción.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Dous convictos fuxidos e unha traballadora do ferrocarril atópanse atrapados nun tren en marcha, sen freos e sen maquinista.



O s i n t o c a b l e s d e E l l i o t N e s s .

Os intocables de Elliot Ness

Título orixinal: The untouchables

Director: de Palma, Brian.


Ano: 1987.

Intérpretes principais: Kevin Costner, Sean Connery, Charles Martin Smith, Andy García, Robert De Niro

Xénero: cine negro.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: O axente Elliot Ness, un honrado e honesto policía de Chicago, rodéase dos mellores policíaas para loitar contra a violencia e corrupción na cidade, combatendo ao mafioso Al Capone.



Tira a mamá do tren

Título orixinal: Throw Momma from the Train

Director: de Vito, Danny.

Ano: 1987.

Intérpretes principais: De Danny DeVito. Con Danny DeVito, Billy Crystal y Kim Greist

Xénero: comedia.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un estudante de literatura consegue que o seu profesor lle axude a matar a súa opresora nai. A cambio o estudante encargárase de asasinar a súa odiada ex-muller. O profesor, novelista fracasado, vive a circunstancia de que a súa muller se fai famosa cunha obra escrita por el. A película está inspirada en "extraños nun tren", de Alfred Hitchcock.



Testemuña accidental

Título orixinal: Narrow Margin

Director: Hyans, Peter.

Ano: 1990.

Intérpretes principais: Gene Hackman, Anne Archer, James Sikking...

Xénero: Thriller

Nacionalidade:

Sinopse: Unha muller que traballa nunha editorial presencia de maneira fortuíta o asasinato cometido por un mafioso. O fiscal proponlle que testifique.

A Estación

Título orixinal: La stazione

Director: Rubini, Sergio.

Ano: 1990.


Intérpretes principais: Sergio Rubini, Margherita Buy, Ennio Fantaschini, Michel Rocher, Gabriella Lunghi

Xénero: Comedia-drama

Nacionalidade: italiana.

Sinopse: O xefe dunha estación ferroviaria, localizada nun pequeno pobo italiano, presencia unha festa nocturna que se celebra nunha pomposa mansión.





B e l l e
E p o q u e

Belle Époque

Título orixinal: Belle époque

Director: Trueba, Fernando.


Ano: 1992.

Intérpretes principais: Penélope Cruz, Miriam Díaz Aroca, Gabino Diego...

Xénero: comedia

Nacionalidade: España – Francia - Portugal.

Sinopse: En plena guerra civil española, un desertor do exército franquista escóndese nunha finca no campo onde é acollido pola familia dun pintor excéntrico e retirado. O protagonista convive na finca coas catro fermosas fillas do pintor as que tenta namorar.



Os peores anos da nosa vida

Título orixinal: Los peores años de nuestra vida.

Director: Martínez-Lázaro, Emilio.

Ano: 1993.

Intérpretes principais: Gabino Diego, Ariadna Gil y Jorge Sanz.

Xénero: Comedia.

Nacionalidade: española.

Sinopse: Conta a historia de dous irmáns con sorte diferente, sobre todo na cuestión amorosa. Un deles atópase ao borde da desesperación ao contrario do seu irmán que ten un gran éxito coas rapazas. Os dous protagonistas acaban namorándose da mesma muller.





Atrapado polo seu pasado

Título orixinal: Carlito's Way.

Director: de Palma, Brian.


Ano: 1993.

Intérpretes principais: Al Pacino, Sean Penn y Penelope Ann Miller

Xénero: Thriller- drama.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Un home que estivera no cárcere, condenado por tráfico de drogas, é readaptado á vida cidadán despois da estar privado de liberdade. Empregado nun club, verase atrapado novamente polas súa conexión co pasado, volvendo de novo ao mundo da violencia.



A lista de Schindler

Título orixinal: Schindler's List.

Director: Spielberg, Steven.

Ano: 1993.


Intérpretes principais: Liam Neeson, Ben Kingsley y Ralph Fiennes

Xénero: histórico – drama.

Nacionalidade: EE.UU.

Sinopse: Na ocupación nazi, un empresario polaco de gran astucia traza un plan para liberar aos residentes dun barrio xudeu trala invasión de Polonia polos alemáns. Coas súas boas mañas gaña a simpatía dos nazis e consegue unha fábrica en propiedade en Cracovia onde emprega a centos de xudeus, posibilitando que moitos deles se salvaran dos campos de concentración.





Vintecatro punto sete

Título orixinal: Twenty four seven

Director: Meadows, Shane.

Ano: 1997.

Intérpretes principais: Bob Hoskins, Danny Nussbaum, James Hoonton, Darren Campell, Justin Brady, Jimmy Hynd, Bruce Jones, Frank Harper

Xénero: Drama.

Nacionalidade: Gran Bretaña.

Sinopse: Un home abre un club de boxeo para adestrar aos rapaces do barrio co fin de afastalos da marxinación e da delincuencia. Os conflitos serán continuos, tentando o protagonista facerlles fronte a costa de perder o seu propio equilibrio psicolóxico.

Última parada, o paraíso

Título orixinal: Terminus Paradis

Director: Pintilie, Lucian.


Ano: 1998.

Intérpretes principais: Costel Cascaval, Dorina Chiriac, Geo Visu, Dan Tudor, Zoltan Butuc, Patrica Nicolae, Rasvab Vasilescu.

Xénero: drama

Nacionalidade: Rumana.

Sinopse: A acción transcorre na Romanía postcomunista e trata a historia dun namorado que rexeita participar na guerra, converténdose en prófugo.





Estación Central de Brasil

Título orixinal: Estação central do Brasil

Director: Salles, Walter.

Ano: 1998.

Intérpretes principais: Fernanda Montenegro, Marília Pêra e Vinícius de Oliveira

Xénero: drama

Nacionalidade: Brasil –Francia

Sinopse: Unha muller que ten como oficio o de escribir cartas encargadas por persoas analfabetas, coñece un personaxe infantil que transformará radicalmente a súa vida. Este rapaz acaba de perder a súa nai e busca ao seu pai, mentres que a muller o fai na procura de sentimentos, nun país que tamén busca a súas raíces.



O tren da vida

Título orixinal: Train de vie

Director: Mihaileanu, Radu.


Ano: 1999.

Intérpretes principais: Lionel Abelanski, Rufus, Clément Harari, Agathe de la Fontaine, Marie-José Nat.

Xénero: Comedia.

Nacionalidade: Francia – Bélxica.

Sinopse: Na Segunda Guerra Mundial, un grupo de xudeus instalados nun lugar da Europa do leste, organizan un falso convoi de deportación para escapar do territorio ocupado polo exército da Alemaña nazi. Con este tren de deportados os habitantes deste pobo pretendían que os alemáns invasores pensaran que nesa localidade xa se fixera a limpeza étnica.



O último tren

Título orixinal: El último tren.

Director: Arsuaga, Diego.


Ano: 2002.

Intérpretes principais: Héctor Alterio, Federico Luppi, Pepe Soriano, Gaston Pauls.

Xénero: drama.

Nacionalidade: Arxentina – España – Uruguai.

Sinopse: Os protagonistas son tres vellos amigos namorados do ferrocarril que secuestran en Uruguai unha vella locomotora que ía a ser mercada por un poderoso estudio de Hollywood para unha película histórica. Tres vellos e un neno viven unha emocionante aventura ao secuestrar o tren baixo o lema de que o "patrimonio non se vende". Percorren o país utilizando as vellas vías do interior, contando coa solidariedade dos pobos por onde pasan.



3.5. Bibliografía.

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, José María, *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*, Vigo, Edicións Monterrey, 1960.
- ANDREW, D., *Las principales teorías cinematográficas*, Madrid, Rialp, 1993
- AUMONT, J. et al., *Estética del cine. Espacio fílmico, montaje, narración y lenguaje*, 2ª ed., Barcelona, Paidós, 1993.
- AUMONT, Jacques; MARIE, Michel. *Análisis del film*, Barcelona, Paidós, 1993.
- BORAU, J. L., (dir.), *Diccionario del cine español*, Madrid, Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España, Madrid, Alianza Editorial e Fundación Autor, 1998.
- BORDWELL, D. y THOMPSON, K., *El arte cinematográfico. Una introducción*, Barcelona, Paidós, 1995.
- CAO MOURE, José, *Catálogo de Vigo, (Vigo a través de un siglo, Vigo. P.P.K.O. 1922-23*
- CAO MOURE, José, *Vigo en 1927 (Los valores y la actualidad viguesa, Vigo, P.P.K.O. 1927-28.*
- CAPARRÓS, J.Mª, *100 películas sobre la historia contemporánea*, Madrid: Alianza Editorial. 1997.
- CARMONA, R., *Cómo se comenta un texto fílmico*, 2ª ed., Madrid, Cátedra, 1993.
- CASSETI, F., DI CHIO, F., *Cómo analizar un film*, Barcelona, Paidós, 1994.
- COSTA, A., *Saber ver el cine*, Barcelona, Paidós, 1991.
- FERRO, Marc (1980), *Cine e historia*, Gustavo Gilli, Barcelona.
- FOLGAR DE LA CALLE, J. Mª “Hai cen anos chegou o cine a Galicia” en *Revista Galega do Ensino*”, nº 14.
- FOLGAR DE LA CALLE, José Mª, “Do cinema en Galicia” en *Grial*, núm. 74 (outubro-decembro de 1981) páxs. 454-466.
- FOLGAR DE LA CALLE, José Mª, *Aproximación a la historia del cine en Galicia (1896-1920)*, Santiago, Universidade, 1985.
- GARCÍA ESCUDERO, Tose Mª, *Cine español*, Madrid, Ediciones Rialp, 1962.
- GARCÍA FERNÁNDEZ. Emilio Carlos, *Historia del cine en Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985.
- GARCÍA FERNÁNDEZ. Emilio Carlos, *Primeros tiempos del cinematógrafo en España*, Oviedo, Universidad de Oviedo, 1997.
- GARCÍA JIMÉNEZ, J, *Narrativa audiovisual*, Madrid, Cátedra, 1993.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, Xaime, *Vigo, la ciudad de que se perdió*, Arquitectura

desaparecida. Arquitectura no construída, Pontevedra, Deputación Provincial, 1991, páxs. 32-33.

GIRÁLDEZ, Diego, “As primeiras salas de cine no Porriño” en *Malladoura*, núm. 5, setembro de 2002, páxs. 26-29.

GONZÁLEZ REQUENA, Jesús (comp.). El análisis cinematográfico. Modelos teóricos, metodoloxías, exercicios de análise, Madrid, Editorial Complutense, 1995.

GUBERN, R., *Historia del Cine*, Barcelona, Editorial Lumen, 1997

GUBERN, R., PÉREZ PERUCHA, J.P., MONTERDE, J., TORREIRO, C., e RIAMBAU, E., *Historia del cine español*, Madrid, Cátedra, 1995.

GUBERN, Román, *Historia del cine*, Barcelona, Editorial Baber, 1992.

IGLESIAS VEIGA, X. M^a R., “Arquitectura y cinematógrafo en la ciudad de Vigo: Palacios, Gutiérrez Soto, Francisco Castro y Pedro Alonso” en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie VII, Tomo 5, Historia del Arte, Madrid, 1992, páxs. 491-535.

MARTÍN CURTY, J. A., *Pacewicz, arquitecto vigués*, Santiago, COAG, 1992.

MARTIN, M., *El lenguaje del cine*, Barcelona, Gedisa, 1995.

MÉNDEZ LEITE, *Historia del cine español*, Madrid, Rialp, 1965.

MINGUET, J.M., e PÉREZ PERUCHA, J. (dirs.), *El paso del mudo al sonoro en el cine español*, Madrid, Asociación de Historiadores del Cine Español, 1994.

PARKINSON, D., *Historia del Cine*, Barcelona, Ediciones Destino, 1998

PÉREZ PERUCHA, J., *Cine español. Algunos jalones significativos 1906-1995*, Madrid, Films 210, 1992.

POZO ARENAS, *La industria del cine en España. Legislación y aspectos económicos (1896-1970)*, Barcelona, Universidade, 1984.

QUIROGA VARGARCE, Luis Miguel, “Los orígenes del cinematógrafo en Galicia” en *Contracampo*, núm. 24, 1981, páxs. 4-6.

RAMÍREZ, J.A., *Medios de masas e historia del arte*, Madrid, Cátedra, 1988.

SÁNCHEZ GARCÍA, J. A., *La arquitectura teatral en Galicia*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1997.

SÁNCHEZ VIDAL, A., *Historia del cine*, Madrid, Historia 16, 1997.

SORALUCE BLOND, J., “El espacio del espectáculo en Galicia: del teatro al salón de variedades” en *Boletín Académico E.T.S.A. de La Coruña*, nº11, 1989.

VV.AA., *Porriño (1895-1995). Recuerdos de un siglo*, O Porriño, Joyería Lorenzo, 1995,

ZUBIAUR, F.J., *Historia del Cine y de otros medios audiovisuales*, Pamplona, Eunsa, 1999.